



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

Lugar: Casa do Concello

Día: 1 de xuño de 2017

Hora de comezo: 14.15 h

Hora de remate: 14.45 h

ASISTENTES:

Don Manuel Fernández Munín
Dona M^a Carmen Botana Cebeiro
Don Antonio González Barral
Don Jesús Sanjuás Mera

AUSENTES:

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde, don Manuel Fernández Munín, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria –interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DIA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Alta tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade**
- 3. Facultar a alcaldía para a sinatura do convenio de adhesión ó programa de “Vivendas Baleiras”**
- 4. Licenza urbanística**
- 5. Altas no servizo de abastecemento/saneamento**
- 6. Solicitude axuda para a realización do programa “Deseñando o teu futuro”**
- 7. Aprobación das bases para a contratación dun técnico - axente de turismo**
- 8. Modificación da ordenanza fiscal reguladora dos prezos pola prestación dos servizos da escola infantil municipal “Raíña Lupa” de Boqueixón**
- 9. Solicitude subvención “programa de socorrismo” dirixido a concellos da provincia da Coruña, ano 2017**
- 10. Aprobación de facturas**
- 11. Punto urxente**
- 12. Rogos e preguntas**

DELIBERACIÓNS

1.Aprobación da acta anterior

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 18 de maio do 2017.

2.Ata tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade

Acórdase a alta dunha tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade

3.Facultar a alcaldía para a sinatura do convenio de adhesión ó programa de “Vivendas Baleiras”

No Pleno ordinario que tivo lugar o día 10 de maio de 2017 acordouse, por unanimidade, a aprobación de adhesión ao Convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o desenvolvemento do Programa de vivendas baleiras no Concello de Boqueixón, no ámbito do Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora do acceso á vivenda 2015-2020.

No dito acordo non se faculta de forma expresa a alcaldía para a sinatura do convenio, condición indispensable para a continuación de todo o procedemento de adhesión ao mesmo.

Por este motivo, a Xunta de Goberno, acorda:

- Facultar ao alcalde para a sinatura do Convenio de colaboración entre o IGVS e a FEGAMP para o desenvolvemento do Programa de vivendas baleiras no Concello de Boqueixón.
- Dar conta ó Pleno na vindeira sesión plenaria.

4.Licenza urbanística

Antecedentes:

Con data do 16/01/2017, con rexistro de entrada nº: 2017/0068, por don José xxxxx, con DNI nº: xxxxx, e con domicilio no lugar de xxxxx (15881 – Boqueixón), achégase un proxecto técnico de agrupación e parcelación das fincas catastrais nº: 15012A506000270000WE e 15012A506005170000WY (parcelas números 27-1 e 27-2, da zona de concentración parcelaria de Sta. María de Lestedo (Boqueixón – A Coruña); fincas rexistras números 13.190 e 21.388 de Boqueixón). O proxecto técnico esta asinado polo enxeñeiro técnico agrícola, D. Javier Bellett García, colexiado número 1.268. As fincas obxecto deste expediente, están clasificadas urbanisticamente como solo de núcleo rural (ordenanza de núcleo común), e solo rústico de especial protección agropecuaria.

Con data do 19/01/2017, a arquitecta municipal, María Carmen Novoa Sío, emite un **informe técnico favorable condicional**, para que o promotor presente nova documentación administrativa e técnica, xustificativa da legalizada urbanística vixente. O contido deste informe técnico, e posto en coñecemento do promotor da licenza, con data do 19 de xaneiro de 2017, con rexistro de saída número 2017/0055.

Con data do 8 de febreiro de 2017, con rexistro de entrada número 2017/0262, de data do 13/02/2017, por D. José xxxxx, achégase un ANEXO ao proxecto técnico presentado, en base ao informe técnico do 19/01/2017.

Con data do 12/04/2017, a arquitecta municipal, María Carmen Novoa Sío, emite un **novo informe técnico, favorable condicional**, para que o promotor presente nova documentación administrativa e técnica, xustificativa da legalizada urbanística vixente. O contido deste novo informe técnico, e posto en coñecemento do promotor da licenza, con data do 17 de abril de 2017, con rexistro de saída número 2017/0349.

Con data do 17 de abril de 2017, con rexistro de saída número 2017/0350, solicítase a autorización, ou informe favorable, á Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, debido a que a licenza solicitada, afecta ao solo rústico de especial protección agropecuaria.

Con data do 10 de maio de 2017, con rexistro de entrada número 2017/0964, de data do 11/05/2017, por D. José xxxxx, achégase unha nova documentación ao proxecto técnico presentado, en base ao informe técnico do 12/04/2017, comprensiva da seguinte documentación:

- Documento Proforma privado da parcelación pretendida
- Fichas descritivas das fincas resultantes

Con data do 18/05/2017, a arquitecta municipal, María Carmen Novoa Sío, emite o **informe técnico favorable**, e que literalmente di:

1.- *No que corresponde á normativa urbanística municipal, considérase favorable a solicitude para a realización dos traballos expostos na documentación presentada.*

2.- *Dado que as fincas iniciais son de substitución de concentración parcelaria, resulta de aplicación o artigo 72.e) da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia; en consecuencia, será necesaria a autorización previa do Servizo de Infraestruturas Agrarias.*

Con data do 4 de maio de 2017, a Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, emite o **informe de autorización favorable**, a proposta de segregación presentada na zona de concentración parcelaria de Sta. María de Lestedo; recibido neste concello con data do 15 de maio de 2017, con rexistro de entrada número 2017/0996.

Consta no expediente o pagamento das taxas municipais, por importe de 246,48 €, realizado aos efectos con data do 13/02/2017.

Con data do 30 de maio de 2017, emítase o informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Vistos os antecedentes expostos, e unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Conceder, a don José xxxxx, con DNI nº: xxxxx, a licenza municipal, para a “agrupación e parcelación das fincas catastrais números: 15012A506000270000WE e 15012A506005170000WY (parcelas números 27-1 e 27-2, da zona de concentración parcelaria de Sta. María de Lestedo (Boqueixón – A Coruña); fincas rexistradas números 13.190 e 21.388 de Boqueixón), emprazadas urbanisticamente en solo de núcleo rural

(ordenanza de núcleo común), e en solo rústico de especial protección agropecuaria, en base á documentación técnica presentada, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros, e coas seguintes condicións:

01. Núm. de expediente: 2017 / 0068
02. Promotor da licenza: D. José xxxxx
03. D.N.I. do promotor: xxxxx
04. Clasificación urbanística: *solo de núcleo rural, e solo rústico*
05. Tipo de licenza: *Agrupación de 2 fincas, e posterior parcelación en 4 lotes*
06. Referencia catastral das fincas: 15012A506000270000WE - 15012A506005170000WY
07. Situación e emprazamento: *Troitomil – Lestedo – Boqueixón*
08. Técnico autor do proxecto: D. Javier Bellett García (*enx. técn. agric.*), colexiado nº 1.268

1. **Parcelas iniciais:**

1.1. – Finca número 27-1, do plano xeral da zona de concentración parcelaria de Sta. María de Lestedo, no lugar de Troitomil (Boqueixón - A Coruña): labradío ao sitio de “VEIGA DAS CHEAS”, cunha superficie de cincuenta e oito áreas e doce centiáreas (5812 m²); e que linda: norte, Benigno xxxxx (26); Sur, camiño; Leste, Camiño; e Oeste, José xxxxx (27-2).

Referencia catastral 15012A506000270000WE

Inscrición.: Tomo 1101 – Libro 74 – Folio 174 – Finca 13.190

1.2. – Finca número 27-2, do plano xeral da zona de concentración parcelaria de Sta. María de Lestedo, no lugar de Troitomil (Boqueixón - A Coruña): labradío ao sitio de “VEIGA DAS CHEAS”, cunha superficie de catro áreas e cincuenta centiáreas (450 m²); e que linda: norte, Benigno xxxxx (26); Sur, camiño; Leste, José xxxxx (27-1); e Oeste, Eugenio xxxxx (534).

Referencia catastral 15012A506005170000WY

Inscrición.: Tomo 1418 – Libro 107 – Folio 155 – Finca 21.388

2. **Agrupación:**

2.1 – Parcela 27-1 + 27-2: na parroquia de Sta. María de Lestedo, lugar de Troitomil (Boqueixón – A Coruña), ao sitio de “VEIGA DAS CHEAS”, cunha superficie de sesenta e dúas áreas e sesenta e dúas centiáreas (6262 m²); e que linda: norte, Benigno xxxxx, hoxe de José xxxxx (26), en liña de 103,24 m; Sur, camiño, cun fronte de 97,80 m; Leste, camiño, cunha fronte de 60,84 m; e Oeste, Eugenio xxxxx (534), en liña de 62,77 m.

3. **Parcelación – lotes resultantes:**

3.1 – Parcela 27-1: Clasificación urbanística: Solo de Núcleo Rural (Ordenanza de Núcleo Común).

Superficie total:	1166 m ²
Superficie de cesión:	117 m ²
Superficie NETA	1049 m²

Lindes:

Norte:	José xxxxx con resto da finca matriz (27)
Sur:	Cesión municipal con acceso a camiño público
Leste:	Cesión municipal con acceso a camiño público

Oeste:	José xxxxxx con parcela segregada (27-2)
--------	--

3.2 – Parcela 27-2: Clasificación urbanística: Solo de Núcleo Rural (Ordenanza de Núcleo Común).

Superficie total:	1142 m ²
Superficie de cesión:	93 m ²
Superficie NETA	1049 m²

Lindes:

Norte:	José xxxxxx con resto da finca matriz (27)
Sur:	Cesión municipal con acceso a camiño público
Leste:	José xxxxxx con parcela segregada (27-1)
Oeste:	José xxxxxx con parcela segregada (517)

3.3 – Parcela 517: Clasificación urbanística: Solo de Núcleo Rural (Ordenanza de Núcleo Común).

Superficie total:	1120 m ²
Superficie de cesión:	72 m ²
Superficie NETA	1048 m²

Lindes:

Norte:	José xxxxxx con resto da finca matriz (27), José xxxxxx (26)
Sur:	Cesión municipal con acceso a camiño público
Leste:	José xxxxxx con parcela segregada (27-2) José xxxxxx con resto da finca matriz (27)
Oeste:	Eugenio xxxxxx (534)

3.4 – Resto da finca matriz n.º.: 27: Clasificación urbanística: Solo rústico de especial protección agropecuaria.

Superficie total:	2834 m ²
Superficie NETA	2834 m²

Lindes:

Norte:	José xxxxxx (26)
Sur:	José xxxxxx, parcelas segregadas 27-1, 27-2 e 517
Leste:	Camiño
Oeste:	José xxxxxx con parcela segregada (517)

Segundo:

Aceptar, en base ao establecido nos artigos 24.2 e 150.5, da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e 368.5, do Regulamento da Lei 2/2016, do Solo de Galicia; as cesións municipais, correspondentes ás parcelas 27-1 (**117 m²**), 27-2 (**93 m²**) e 517 (**72 m²**); e destinalas á ampliación das vías públicas ás que dan fronte.

Deberá presentar, a nome do Concello de Boqueixón, a escritura pública de cesión.

Terceiro:

Notificar este acordo ó interesado

5. Altas no servizo de abastecemento/saneamento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de abastecemento, segundo o regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga, inclúense como beneficiarios do servizo ós usuarios que se relacionan a continuación:

Nome e enderezo fiscal	DNI	Enderezo inmovible	Taxa	Importe conexión/ instalación contador
María xxxxx Vigo 15881 Boqueixón (A Coruña)	xxxxx	xxxxx - Vigo	54,86 €	549,40 €
Juan xxxxx xxxxxx Loureda 15881 Boqueixón (A Coruña)	xxxxx	xxxxx - Loureda	54,86 €	483,98 €
Sara xxxxx Xxxxx 15679 Cambre (A Coruña)	xxxxx	xxxxx – Ledesma	54,86 €	549,40 €

Polo que, a Xunta de Goberno acorda:

1º- Dar de alta no servizo de abastecemento ós usuarios que se detallan na relación anterior, establecendo as taxas correspondentes, así como os importes pola conexión á rede, que se rexerán pola ordenanza fiscal reguladora da taxa de abastecemento.

As altas concedidas son para vivenda.

Ditas taxas polas altas de abastecemento, así como os ingresos polas conexións á rede de abastecemento foron efectuadas polos mesmos interesados, segundo os xustificantes de ingreso que constan nos expedientes. Os ingresos correspondentes a María xxxxx foron efectuados con data do 15/05/2017 e do 23/05/2017; os correspondentes a Juan xxxxx foron efectuados con data do 3/05/2017 e os correspondentes a Sara xxxxx con data do 24/05/2017.

2.- Notificar este acordo ós beneficiarios citados anteriormente ó enderezo fiscal indicado:

6. Solicitud axuda para a realización do programa “Deseñando o teu futuro”

No DOG. núm. 91 do 12 de maio de 2017 publicouse a Orde do 3 de maio de 2017 pola que se establecen as bases do programa Deseñando o teu futuro e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.

A súa finalidade é:

Financiar os proxectos dirixidos a que os mozos e as mozas entre 14 e 18 anos realicen estadias -visitas non remuneradas nos distintos sectores das empresas/entidades públicas ou privadas radicadas na Comunidade Autónoma de Galicia, para os efectos de que adquiran competencias, habilidades e cualificacións que complementen o seu desenvolvemento persoal e a súa formación.

Proxectos subvencionables:

1. Os proxectos para os cales se solicite axuda deberán responder aos seguintes criterios:

- a) Deben ter como persoas destinatarias mozos e mozas con idades comprendidas entre os 14 e 18 anos con autorización do pai, da nai ou titor/a legal.
- b) O período do proxecto será de dous meses e terá como data límite de realización o 15 de novembro de 2017.
- c) A duración das estadias -visitas será entre 5 e 15 días hábiles. As xornadas diarias nas empresas serán de 4 horas como mínimo.
- d) O número de mozos/as participantes non poderá ser superior a 15.
- e) Só se poderá presentar un proxecto por entidade solicitante.
- f) O proxecto deberá constar de tres fases:
 - a. organización e planificación, que inclúe entre outros, o proceso selectivo e a busca de empresas de acollida para as estadias -visitas.
 - b. a realización das estadias -visitas non remuneradas nos distintos sectores das empresas/entidades públicas ou privadas radicadas en Galicia que incluírá a titorización e o seguimento das estadias.
 - c. avaliación e seguimento posterior que inclúe a visualización que se dará ó proxecto en particular e ó programa *Deseñando o teu futuro* en xeral.

Conceptos subvencionables

A cantidade subvencionable a cada entidade calcularase a razón de:

- 6 euros por participante/día, para cubrir os gastos de manutención e desprazamento do mozo ou da moza.
- 100 euros por participante para cubrir os custos derivados da organización das estadias -visitas, entre os cales se inclúen: os preparativos da organización, proceso selectivo, busca de empresas de acollida, información tanto ás empresas como ás distintas asociacións e ás persoas participantes, titorías antes, durante e despois das estadias -visitas, asistencia e supervisión dos participantes; adopción de acordos específicos para garantir a calidade das estadias -visitas e gastos de seguros de accidentes e de responsabilidade civil dos/as mozos/as participantes.

No artigo 2º. Beneficiarios, apartado 1, punto B) da citada Orde establece que poden solicitar axuda os concellos, agrupacións ou mancomunidades validamente constituídas, así como as entidades resultantes da fusión de municipios a que se refire a lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Así mesmo, aqueles concellos que pertencen a unha mesma zona sen constituíren mancomunidade para estes efectos e acorden desenvolver programas conxuntos de actuación, poderán solicitar as axudas que regula esta orde. Neste suposto, todos os concellos quedarán obrigados solidariamente ao cumprimento das obrigas que deriven da concesión da subvención.

O artigo 7º da citada Orde, establece que o prazo de presentación será dun mes a partir do día seguinte ó da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia. Así mesmo que nas solicitudes presentadas conxuntamente deberase indicar expresamente cal destas entidades deber considerarse como representante ou a cal deben dirixirse as actuacións administrativas.

Por todo isto, a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar o convenio de colaboración entre os concellos de Boqueixón e Vedra para o desenvolvemento do programa *Deseñando o teu futuro* de 2017
2. Aprobar o proxecto e a solicitude da axuda do programa *Deseñando o teu futuro* por importe de 2.850 euros.

3. Facultar ó alcalde de Boqueixón como representante legal e levar a cabo todos os trámites necesarios coa Consellería de Política Social para o proxecto que nos compete, actuando como representante para realizar a petición de solicitude e calquera xestión administrativa. A distribución de funcións entre os concellos de Boqueixón e Vedra realizarase según o convenio de colaboración.
4. Acreditar non ter solicitado ningunha outra axuda para o mesmo proxecto procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.
5. Que esta entidade local acolla rapaces en idades comprendidas entre 14 e 18 anos para a realización de estadias -visitas non remuneradas nas distintas áreas e departamentos do concello de Boqueixón, así como na gardería municipal.
6. Dispoñer dos fondos necesarios para a execución do citado proxecto.
7. Coñecer e aceptar as bases reguladoras recollidas na convocatoria.
8. Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado do Consellería de Política Social, e ó departamento de Secretaría - Intervención e o Concello de Vedra.

7.Aprobación das bases para a contratación dun técnico - axente de turismo

Vista a Resolución de concesión definitiva de data 24 de maio de 2017 do programa DP0029/2017 da Deputación da Coruña, mediante o cal se subvenciona ó Concello de Boqueixón cun importe de 7.088,00 euros para a contratación de persoal para oficinas de turismo a concellos de menos de 50.000 habitantes para o exercicio 2017 por un período mínimo de 4 meses.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Iniciar os trámites para a contratación de 1 técnico/a- axente de turismo.
2. Aprobar as seguintes bases:

BASES PARA A CONTRATACIÓN DE 1 TÉCNICO/A- AXENTE DE TURISMO:

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

- 1.- A convocatoria ten por obxecto contratar, na modalidade de contratación temporal por obra ou servizo a xornada completa unha praza de técnico/a- axente de turismo, durante un período de 4 meses e 25 días durante o 2017.
- 2.- A retribución do salario mensual bruto incluída a parte proporcional das pagas extras do traballador/a será de 1.457,45 euros/mes.
- 3.- A contratación formalizarase sempre e cando a resolución definitiva de concesión sexa favorable.

SEGUNDA.- CONDICIÓNS DOS/AS ASPIRANTES.

Para tomar parte no proceso selectivo, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos na data de presentación da solicitude nas dependencias municipais:

- a) Ser español ou nacional doutro Estado membro da Unión Europea.
- b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

- c) Estar inscrito coma desempregado/a no Servizo Público de Emprego. Os/as candidatos/as serán preseleccionados pola Oficina de Emprego de Santiago Norte previa oferta presentada pola alcaldía do Concello de Boqueixón nalgunha das titulacións requiridas no apartado g) desta mesma base.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade para o exercicio de funcións públicas. (anexo II)
- e) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal exercicio das tarefas habituais e funcións correspondentes ao posto de traballo ao que se opta (anexo III DECLARACIÓN XURADA DE APTITUDE FÍSICA E PSÍQUICA)
- f) Posuír como mínimo o carné de clase de B.
- g) Atendendo ao establecido no apartado 3 das bases de convocatoria do Programa DP0029/2016, as persoas a contratar deberán estar en posesión dalgún dos seguintes títulos:
 - 1.- Técnico superior en Guía, Información e Asistencia Turística ou equivalente.
 - 2.- Técnico en Empresas e Actividades Turísticas ou equivalente.
 - 3.- Grao ou diplomado en Turismo ou equivalente homologado.
 - 4.- Grao ou licenciatura en Historia da Arte.
 - 5.- Grao ou licenciatura en Humanidades.
 - 6.- Grao ou licenciatura en Xeografía e ordenación do territorio.
 - 7.- Grao ou licenciatura en Historia.

TERCEIRA.- REQUISITOS PARA A SELECCIÓN E DATAS PARA A REALIZACIÓN DAS PROBAS

Os/as aspirantes estarán preseleccionados/as pola Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte, que remitirá candidatos/os previa oferta presentada por esta entidade requirindo candidatos/as coas titulacións requiridas na base terceira da convocatoria de subvención, con carné de conducir B1 e desempregados/as.

Datas para a realización das probas.- Os/as candidatos/s deberán presentarse, na data e hora que a Oficina Pública de Emprego requira (ven por carta ou por calquera outro medio de comunicación que a oficina de emprego acorde) nas dependencias municipais da Casa do Concello de O Forte s/n, 15881 Boqueixón (A Coruña) co DNI e carné de conducir. Os/as candidatos/as deberán realizar unha proba escrita e a baremación dos méritos para optar á praza. Para a preparación da proba escrita os candidatos/as poderán solicitar nas dependencias municipais da Casa do Concello unha copia fotocopiada do temario.

Para realizar a selección presentarase oferta no Servizo Público de Emprego de Santiago Norte para que remitan candidatos/as desempregados/as inscritos/as no Servizo público de Emprego e procederase á realización de proba escrita e a baremación de méritos.

CUARTA.- COMISIÓN SELECCIONADORA.

- A comisión seleccionadora será nomeada por Alcaldía e estará composto por 5 membros titulares e suplentes: un Presidente, 3 vogais, e un Secretario. De conformidade co establecido no artigo 60 da Lei 7/2007, de 12 de abril, reguladora do Estatuto Básico do Empregado Público, o tribunal cualificador das probas selectivas será nomeado por Resolución de Alcaldía, velando na súa composición polo cumprimento dos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, tendo así mesmo na súa composición a paridade entre muller e home, e sen que poidan formar parte dos mesmos, o persoal de

elección ou designación política, os funcionarios interinos, nin o persoal laboral temporal ou eventual, ademais a pertenza debe ser a título individual e persoal, sen que poidan facelo por conta ou representación de ninguén.

O nomeamento dos membros da comisión seleccionadora se fará por resolución de alcaldía. Dita resolución se publicará no taboleiro de anuncios do concello de Boqueixón.

Para a válida constitución do comisión seleccionadora, a efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos requirirase a presenza do presidente e do secretario ou de quen lles substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros titulares ou suplentes. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate, o voto de calidade do presidente do Tribunal.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que xurdan para a aplicación das normas contidas nestas Bases e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde das mesmas en todo o non previsto nas Bases. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e formas establecidas pola Lei 30/92, de 26 de novembro. O Tribunal continuará constituído ata tanto se resolvan as reclamacións presentadas ou as dúbidas que se poidan derivar do procedemento selectivo.

Os membros do Tribunal deberán absterse de formar parte do mesmo cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de conformidade co art. 13.4 do Real Decreto 364/95, de 10 de marzo. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusarlles se concorrese algunha daquelas circunstancias.

O tribunal poderá solicitar axuda de técnicos ou asesores cando o considere axeitado.

QUINTA.- PROCESO DE SELECCIÓN.

Os/As aspirantes ó posto deberán presentar a seguinte documentación:

- DNI ou equivalente
- Titulación esixida segundo o disposto na base terceira; que se acreditará coa fotocopia cotexada co título, ou no seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para a súa obtención acompañado da certificación oficial de ter superados os estudos conducentes para a súa expedición.
- Currículo Vital do/a aspirante.
- Xustificantes acreditativos dos méritos alegados, no seu caso.
- Carné de conducir.

A Comisión seleccionadora realizará:

1º.- FASE DE PROBA:

Esta fase ten **carácter obrigatoria e eliminatoria**, consistirá na realización dunha proba teórica.

PROBA ESCRITA: Máximo de 10 puntos

Consistirá en contestar un cuestionario tipo test relacionadas co posto ofertado e cos temas relacionados no anexo I.

Está dirixida a determinar os coñecementos dos/as aspirantes sobre a profesión. O examen tipo test terá unha resposta correcta por pregunta. (Os erros non puntuán negativo).

Sendo 5 puntos a puntuación mínima esixida para superar esta proba.

A duración da proba escrita a decidirá a comisión seleccionadora.

Para a preparación da proba escrita os/as candidatos/as poderán solicitar nas dependencias municipais da Casa do Concello unha copia do temario.

2º.- **BAREMACIÓN MÉRITOS : Máximo de 7 puntos**

A puntuación obtida nesta fase, non será eliminatoria.

Baremo para a valoración de méritos é o seguinte:

1) **FORMACIÓN:**

Puntuación máxima a acadar neste apartado: **3 puntos.**

- Por posuír outra titulación media ou superior, ademais dunha das esixidas na base segunda apartado g) desta convocatoria, sempre que estea relacionada coas tarefas do posto de traballo a ocupar: 0,50 punto por cada titulación ata un máximo de 1 punto.
- Por ter asistido a cursos de formación e perfeccionamento impartidos en centros oficiais, universidades, colexios oficiais ou escolas de administración pública relacionados coas materias obxecto desta convocatoria, ata un máximo de 1 punto:
 - Máster ou postgrado (relacionados co sector turístico): máx. a acadar 1 punto.
 - Cursos de 100 ou máis horas: 0,50 puntos
 - Cursos de 50 a 99 horas: 0,30 puntos
 - Cursos de 20 a 49 horas: 0,15 puntos
 - Cursos de 1 a 19 horas: 0,10 puntos
- Coñecementos de idiomas (máx. 1 punto):
 - *Cursos de inglés dunha escola oficial: nivel básico: 0,10 puntos; nivel medio: 0,30 puntos; nivel avanzado: 0,50 puntos.
 - *Cursos de francés dunha escola oficial: nivel básico: 0,10 puntos; nivel medio: 0,30 puntos; nivel avanzado: 0,50 puntos.
 - *Cursos de perfeccionamento de lingua galega ou Celga 4: 0,50 puntos.
 - Celga 3 ou Curso de iniciación á lingua galega ou validación: 0,30 puntos.
 - Celga 2: 0,20 puntos.
 - Celga 1: 0,10 puntos.(Ó final destas bases, o anexo V recolle as validacións dos Celgas).

Só se terá en conta o curso ou validación máis alta da que dispoñan os candidatos presentados.

2) **EXPERIENCIA LABORAL:**

A experiencia laboral computarase ata un máximo **de 4 puntos:**

- Traballos prestados como técnico/guía turístico, tanto na administración pública como en empresa privada: Por cada mes completo traballado 0,50 puntos.

A experiencia acreditarase mediante informe de vida laboral da Tesourería Xeral da Seguridade Social e mediante informe ou certificación expedido pola administración ou a empresa correspondente ou contrato de traballo).

Aqueles candidatos/as que traballasen no concello de Boqueixón poderán solicitar mediante a presentación do anexo VI para que o concello lle expida a correspondente certificación.

As dúbidas que se susciten serán resoltas pola citado tribunal, que terá a facultade de interpretar estas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.

Os méritos que aleguen os/as interesados/as e que, de acordo co baremo previsto, desexen que se lles teñan en conta, acreditaranse debidamente por medio de documentos orixinais ou fotocopias destes, que presentarán cotexadas fidedignamente, significándose que non se

valorarán aqueles méritos que a comisión considere que non estiveran suficientemente acreditados.

Os méritos admisibles e valorables serán unicamente os presentados na data de realización do proceso selectivo. A falta de acreditación dos méritos non será subsanable e xerará a non valoración dos mesmos.

Os empates producidos nas puntuacións obtidas por 2 ou máis candidatos/as na puntuación final dirimirase atendendo á puntuación máis alta acadada no apartado de experiencia laboral da baremación de méritos, se segue existindo empate, atenderase á puntuación máis alta acadada no apartado de formación da baremación de méritos, e se segue persistindo empate, atenderase á puntuación máis alta acadada na proba teórica.

SEXTA- LISTA DE APROBADOS E PROPOSTA DE CONTRATACIÓN.

Terminada a cualificación de todos os exercicios, o tribunal publicará no taboleiro de anuncios da corporación e na páxina web municipal a relación de aspirantes aprobados pola orde de puntuación formulando proposta de contratación a favor do/a aspirante que figure con maior puntuación, constituíndo o resto de aspirantes aprobados lista de reserva. Dita lista de reserva será exclusivamente a efectos de cobertura de renuncias, de baixas en relación coa contratación vinculada ó procedemento obxecto destas bases, non outorgando ós integrantes da lista de reserva dereito algún en relación a outros procesos de contratación.

Abrirase un prazo de 10 días para a presentación das alegacións ós resultados acadados que se indicará cando se publique o listado da puntuación final. De non presentarse elevarase a definitivo a lista que se publicará na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios.

SETIMA.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN

Unha vez rematado o proceso de selección, a proposta da Comisión de Selección será elevada ao alcalde para que formule a contratación da persoa que obteña a mellor puntuación, en número que non supere a da praza obxecto da convocatoria.

A formalización do contrato realizarase conforme ó previsto na lexislación vixente.

OITAVA: INCIDENCIAS.

A Comisión Seleccionadora queda autorizada para resolver as dúbidas que se presenten, e para adoptar os acordos necesarios para o bo funcionamento do proceso de selección, en todo o non previsto nestas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.

2º A presente Resolución publicarase no taboleiro de anuncios do concello de Boqueixón e na páxina WEB do concello de Boqueixón www.boqueixon.com

Dado en Boqueixón o día 1 de xuño de dous mil dezasete, polo Alcalde Manuel Fernández Munín.

ANEXO I. TEMARIO

TEMA 1. Núcleos poboacionais de Boqueixón.

TEMA 2. Decreto 73/2015, do 7 de maio, polo que se regula a profesión de guía de turismo de Galicia.

TEMA3. Libro O Pico Sacro: A Cova do Pico.

ANEXO II

Declaración xurada do cumprimento dos requisitos legais para a participación na convocatoria pública para a selección de 1 TÉCNICO/A - AXENTE DE TURISMO.

Don/a.....,
con DNI..... e domicilio en
nacional de....., a efectos de poder participar no proceso selectivo de
CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 1 TÉCNICO/A- AXENTE DE
TURISMO .

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, e dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargo públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non se achar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas en non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal exercicio das tarefas habituais e funcións correspondentes ó posto de traballo ó que se opta.

Así mesmo, a efectos do previsto no artigo 10 da Lei 53/1984, do 26 de decembro de Incompatibilidades do Persoal ó Servizo das Administracións Públicas e no artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades do persoal ó servizo da Administración do Estado, da Seguridade Social e dos Entes, Organismos e Empresas dependentes,

DECLARA:

- Que non desempeña ningún posto ou actividade no sector público delimitado polo artigo primeiro da Lei 53/1984,

- Que non realiza actividade privada incompatible ou suxeita a recoñecemento de compatibilidade.

Os datos recollidos a través deste anexo trataranse de conformidade coa Lei de Protección de Datos de Carácter Persoal (Lei Órgánica 15/1999 do 13 de decembro BOE do 14-12-1999), informámoslle que se empregarán unicamente co fin de participar no proceso selectivo e serán publicados nos listados de selección do mesmo e AUTORIZANDO vostede para tal efecto. Se vostede o desexa pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previsto pola indicada Lei Orgánica enviando un correo electrónico ó enderezo emprego@boqueixon.com, ou ben mediante un escrito dirixido ó Alcalde de Boqueixón

En Boqueixón, o de de 2017

Sinatura:.....

ANEXO III

DECLARACIÓN XURADA DE APTITUDE FÍSICA E PSÍQUICA

Nome e apelidos:.....
DNI:..... Data nacemento:.....
Domicilio:.....Localidade:
..... Provincia:.....
Código postal: Núm. Teléfono:.....
E-mail:.....

Baixo a promesa ou xuramento e baixo a miña enteira responsabilidade, **DECLARO** que non padezo enfermidade infecto-contaxiosa, e que conto cas condicións físicas e psíquicas necesarias para a realización das actividades físicas de esforzo que require o posto de traballo.

Así mesmo, **DECLARO** ter sido informado polo Concello de Boqueixón que no suposto de que eu teña dúbidas sobre si padezo algunha enfermidade infecto-contaxiosa e que reúno as condicións psíquicas e físicas necesarias para a realización do traballo, é aconsellable que, con carácter previo á contratación, faga un recoñecemento médico que descarte a existencia dalgunha enfermidade infecto-contaxiosa e/ou dalgún problema que puidese impedir a normal realización do traballo nas condicións debidas podendo aportar certificado médico acreditativo deses extremos.

Para que conste e surta os efectos oportunos, asino a presente,

Boqueixón,de de 2017

O/A interesado/a:.....

ANEXO IV

Solicitud de certificación laboral do Concello de Boqueixón para valorar na fase de méritos do proceso selectivo de 1 Técnico/a- Axente de Turismo (2017)

Nome e apelidos:.....
DNI:..... Data nacemento:.....
Domicilio:.....Localidade:
..... Provincia:.....
Código postal: Núm. Teléfono:.....
E-mail:.....

DECLARA ter traballado nesta entidade local, e **SOLICITA**, para o efectos de que lle sexa valorado os méritos no apartado de experiencia laboral neste proceso selectivo, un certificado da experiencia laboral no concello de Boqueixón.

Boqueixón,de.....de 2017

ANEXO V. CELGA: VALIDACIÓN

O sistema de validacións dos Celga é o seguinte:

1. Serán validables polo Certificado de lingua galega 1 (Celga 1):

- O certificado do curso de nivel elemental de lingua e cultura galegas para estranxeiros impartido polas universidades de Galicia ata a entrada en vigor desta orde.
- O certificado de curso de lingua galega para non galego-falantes impartidos polas universidades galegas, ata a entrada en vigor desta orde.
- O certificado do nivel básico dos estudos de galego da UNED ata a entrada en vigor desta orde.

2. Serán validables polo Certificado de lingua galega 2 (Celga 2):

- O título de graduado escolar, sempre que se estudase toda a EXB ou primaria en Galicia e se cursase de maneira oficial a materia de lingua galega en todos os cursos dos ditos estudos.
- O certificado do curso de nivel medio de lingua e cultura galegas para estranxeiros impartido polas universidades de Galicia, ata a entrada en vigor desta orde
- O certificado do nivel medio dos estudos de galego da UNED ata a entrada en vigor desta orde.
- O certificado de ter cursado e aprobado as materias de ciencias sociais e as materias optativas de galego da ESO nos centros do Bierzo e Sanabria acollidos ao programa de formación previsto no convenio para a promoción do idioma galego nos territorios limítrofes das comunidades autónomas de Galicia e Castela e León, suscrito entre ambas as dúas comunidades.

3. Serán validables polo Certificado de lingua galega 3 (Celga 3):

- O título de graduado en educación secundaria obrigatoria (ESO) ou técnico auxiliar (FP1), sempre que se estudase en Galicia na súa totalidade e se cursase de maneira oficial a materia de lingua galega en todos os cursos dos ditos estudos.
- O certificado do ciclo inicial de galego expedido polas escolas oficiais de idiomas.
- O certificado de ter cursado e aprobado as materias de ciencias sociais e as materias optativas de galego na ESO e no bacharelato nos centros do Bierzo e Sanabria acollidos ao programa de formación previsto no convenio para a promoción do idioma galego nos territorios limítrofes das comunidades autónomas de Galicia e Castela e León, suscrito entre ambas as dúas comunidades.
- Certificado de aptitude dos cursos de Iniciación de lingua galega (segundo Orde do 1º de abril de 2005)

4. Serán validables polo Certificado de lingua galega 4 (Celga 4):

- O título de bacharelato (LOXSE ou BUP) ou técnico de FP2, sempre que se estudase en Galicia na súa totalidade e se cursase de maneira oficial a materia de lingua galega en todos os cursos dos ditos estudos.
- A certificación do curso de especialización en lingua galega para profesores de EXB.

5. Serán validables polo Certificado de lingua galega 5 (Celga 5):

- O título de licenciado en filoloxía galega ou filoloxía hispánica (subsección de galego-portugués).
- Calquera outro título de licenciatura, diplomatura ou equivalente, sempre que se acompañe de certificación de que se cursaron, polo menos, 18 créditos de lingua galega, e se estea en posesión do Celga 4.

- O certificado do ciclo superior de galego, expedido polas escolas oficiais de idiomas conforme ao programa previsto no Real decreto 47/1992, do 24 de xaneiro, polo que se regulan os contidos mínimos correspondentes ao ensino especializado das linguas españolas impartidas nas escolas oficiais de idiomas.

Atendendo á ORDE de 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orden de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecementos da lingua galega (Celga). (DOG. núm. 34 do 19 de febreiro de 2014). Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria: “Tres. A disposición adicional segunda queda redactada da seguinte maneira: «Disposición adicional segunda. Valoración de méritos e requisitos

1. Para a valoración de méritos, naqueles casos nos que proceda, e para o acceso á función pública galega, así como naqueles procedementos nos que se esixa o coñecemento da lingua galega, excepto para o estipulado na letra c) do apartado 5 do anexo I da presente orde, terá a mesma validez posuír as certificacións de aptitude dos niveis de lingua galega oral, iniciación e perfeccionamento (expedidas ao amparo da Orde do 19 de xaneiro de 1989 e da Orde do 1 de abril de 2005, ou da normativa anterior) que posuír as certificacións de aptitude dos Celga 1, Celga 3 e Celga 4, respectivamente.

2. Nas bases das convocatorias de oposicións, concursos de méritos ou en calquera outro procedemento estableceranse os niveis de lingua esixidos como requisito ou como mérito. Para iso, todos estes procedementos terán que axustarse ás convalidacións establecidas na presente orde».”

Para facer efectiva a validación débese proceder do xeito seguinte:

No caso de que o título ou certificado para validar corresponda ao ensino regrado preuniversitario, é dicir, EXB, Primaria, Secundaria ou Formación Profesional, a validación correspondente deberá solicitarse ao secretario/a do centro no que se estudou, xa que alí se custodian as cualificacións.

No resto dos casos, as validacións solicitaranse á Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

8. Modificación da ordenanza fiscal reguladora dos prezos pola prestación dos servizos da escola infantil municipal “Raíña Lupa” de Boqueixón

O Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, no artigo 1 establece que os prezos públicos das escolas infantís dependentes da Axencia Galega de Servizos Sociais actualizaran cada curso escolar na mesma proporción que a variación interanual positiva experimentada polo índice xeral de prezos de consumo (IPC) para a Comunidade Autónoma de Galicia.

No DOG do 23 de maio 2017 sae publicada a resolución do 10 de maio 2017 pola que se actualizan os prezos públicos das referidas escolas infantís, conforme aos datos publicados polo Instituto Nacional de Estatística que no período entre xaneiro 2016 e xaneiro 2017 ascenden ao 3,2%.

Polo que, debido a devandita resolución a Xunta de Goberno acorda:

1º. – Modificar a Ordenanza fiscal reguladora dos prezos pola prestación dos servizos da Escola infantil municipal Raíña Lupa quedando redactada do seguinte xeito:

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS PREZOS POLA PRESTACION DOS SERVIZOS DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL RAIÑA LUPA DE BOQUEIXON

Artigo 1. Fundamento legal

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, o artigo 105 da Lei das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19, en relación co artigo 47 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), e así mesmo conforme o Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Traballo e Benestar, este concello establece o prezo pola prestación do servizo público da Escola Infantil Municipal Raíña Lupa de Boqueixón, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2. Feito imponible

Constitúe o feito imponible do prezo a prestación dos servizos da Escola Infantil Municipal Raíña Lupa (en adiante EIM), entre os que se encontran a atención asistencial e educativa dos nenos e nenas menores de 3 anos, o comedor e outros servizos de carácter básico.

Artigo 3. Suxeitos pasivos

3.1 - Son suxeitos pasivos deste prezo, en concepto de contribuíntes, as persoas que resulten beneficiadas ou afectadas pola actividade administrativa ou servizo.

3.2 - Tendo en conta que as persoas usuarias do servizo gravado por este prezo son menores de idade que non teñen capacidade de obrar, actuarán no seu nome, cos efectos previstos na lei xeral tributaria, os seus/súas pais/nais, titores/as legais ou calquera outro a quen corresponda o exercicio da patria potestade.

Artigo 4. Regras e definicións para a determinación do importe a pagar

Para os efectos da determinación dos prezos a pagar, a renda per cápita mensual da unidade familiar, computarase segundo as seguintes regras:

- a) Entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e:
- os/as fillos/as menores, con excepción dos que, con consentimento dos/as pais/nais, vivan independentes destes/as.
 - os/as fillos/as maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
 - os/as fillos/as maiores de dezaioito anos cun grao de discapacidade superior ao 33 por cento.

A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente a 31 de decembro do ano ao que se refiran os datos económicos aos que se refiren as seguintes regras.

b) Tomarase o importe dos ingresos totais da unidade familiar, que será o resultado da agregación das rendas do exercicio anterior a aquel en que dea comezo o curso escolar no cal se pretenda que produza efectos de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas por agregación da base imponible xeral coa base imponible do aforro, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O importe dos ingresos totais da unidade familiar será acreditado, mediante a presentación das copias certificadas pola Administración Tributaria das declaracións do IRPF ou a certificación de ingresos das persoas que non presentasen as declaracións do IRPF.

c) O importe anterior dividirase polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Entenderase por familia monoparental a unidade familiar á que se refire a letra a) cando formara parte dela un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

d) A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior entre 12 meses.

Artigo 5. Prezos

1º. - Os servizos e conceptos polos que se establecen as diferentes cotas tributarias son os seguintes:

- a) Matrícula: Un pago único, e cobre os gastos vinculados ás tarefas administrativas, algúns gastos fixos da EIM e o seguro escolar, esta taxa pasarase a cobro ao inicio do curso (setembro) as prazas que se cubran ao longo do ano, dita prezo farase efectivo nos primeiros dez días do mes seguinte.
- b) Mensualidade a xornada completa: abrangue os servizos básicos de atención educativa e asistencial por 8 horas diarias, en cálculo mensual.
- c) Hora extraordinaria: abrangue os servizos básicos de atención por 1 hora, de forma excepcional, a maiores da modalidade de xornada escollida, en cálculo diario.
- d) Servizo de comedor para o xantar: abrangue a distribución e o servizo de alimentos durante a hora do xantar, en cálculo mensual.
- e) Servizo de comedor en día solto: abrangue a distribución e o servizo de alimentos, de forma excepcional, durante cada unha das comidas, en cálculo individual para cada comida.

2º. - Os prezos polos devanditos servizos serán en todo momento os que estipule o DECRETO 49/2012 do 19 de xaneiro, modificado pola Resolución do 10 de maio de 2017, polo que se actualizan os prezos das escolas infantís 0-3 dependentes da actual Consellería de Política Social.

- a) Os prezos aplicables por tarifa quedan como segue:

<u>CONTIAS EN FUNCIÓN DO IPREM</u>	<u>ASISTENCIA</u>	<u>COMEDOR</u>	<u>TOTAL</u>
Do 0 % ao 30 % IPREM 0,00 € a 159,75 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Do 30 % ao 50 % IPREM 159,76 € a 266,25 €	0,00 €	17,45 €	17,45 €
Do 50 % ao 75 % IPREM	34,91 €	17,45 €	52,36 €

266,26 € a 399,38 €			
Do 75 % ao 100 % IPREM 399,39 € a 532,51 €	69,81 €	26,45 €	96,26 €
Do 100 % ao 125 % IPREM 532,52 € a 665,64 €	112,13 €	37,02 €	149,15 €
Do 125 % ao 150 % IPREM 665,65 € a 798,76 €	133,29 €	52,89 €	186,18 €
Do 150 % ao 200 % IPREM 798,77 € a 1.065,02 €	147,05 €	63,47 €	210,52 €
IPREM máis de 200 % Máis de 1.065,03 €	169,26 €	74,05 €	243,31 €
<i>*O prezo pola atención educativa fíxase en 169,26 € *O prezo do servizo de comedor fíxase en 74,05 € Sobre estes prezos aplícanse as reducións correspondentes segundo o nivel de renda da unidade familiar (IPREM)</i>			

Tarifa por matrícula: 50,00 €/ano

Tarifa material: dúas cotas de 15,00 € ao ano (novembro e marzo)

b) Servizos básicos:

- No caso de nenos/as que non utilicen habitualmente o servizo de comedor e que excepcionalmente e por motivos xustificados desexen utilizalo algún día solto, o prezo será de 4,23 €/día.
- No caso do horario amplo, o prezo mensual de cada hora en que se incremente o horario de atención educativa adxudicado ao usuario será de 21,16 €/hora. Enténdese por horario amplo a atención aos/as nenos/as por parte da EIM polo menos durante 10 horas diarias ininterrompida. Non obstante, evitarase que o/a neno/a alongue a estancia na EIM máis de 8 horas diarias, excepto que circunstancias excepcionais, que se deberán en todo caso xustificarse, o determinen.
- Os prezos por días soltos non están suxeitos a ningunha redución.

3º. - Os/as nenos/as que utilicen o servizo de comedor deberán estar na EIM media hora antes da asinada para o xantar, si un usuario habitual de dito servizo non o vai utilizar deberá avisar antes das 11:00 horas.

4º. - As comidas serán elaboradas polo persoal de cociña da EIM e o servizo será atendido por educadoras co fin de que os/as nenos/as adquiren hábitos relacionados coa educación e coa autonomía persoal.

5º. Os prezos incluídos nesta ordenanza fiscal actualizárense anualmente segundo o índice de prezos ao consumo (IPC) publicado polo Instituto Nacional de Estatística.

Artigo 6. Bonificacións e exencións de pagamento

6.1. - Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto na táboa anterior, aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre si.

- a) Nenos/as que pertencen a familias numerosas, descontos do 20%
- b) Nenos/as que pertencen a familias monoparentais, desconto do 20%
- c) Cando asistan a EIM varios/as irmá/ns, o segundo e sucesivos terán un desconto do 20%.

Entenderase por familia numerosa aquela que reúna as condicións que determina a *Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas*.

Para a aplicación dos descontos teranse en conta as circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude de praza na EIM 0-3, que deberán ser previamente xustificadas documentalmente de non coincidir coas circunstancias á data do devengo da declaración do IRPF.

6.2. - Cando por circunstancias sobrevidas (solicitude fora de prazo, traslado de residencia...), o/a neno/a ingrese no centro con posterioridade ao día 15 do mes, a cota que corresponda pagar polo dito mes, terá un desconto do 50 por cento.

6.3. - As familias cunha renda per cápita igual ou inferior a 7.500 euros anuais gozarán da exención total da cota a partir da segunda filla ou fillo que acuda a EIM.

6.4. - As familias acolledoras de menores con medidas administrativas de tutela ou garda gozarán, así mesmo, da exención total da cota.

Artigo 7. Remuneración e período impositivo

A remuneración ou obriga de pagamento do prezo público prodúcese no momento de alta na EIM Raíña Lupa, e dicir, coa formalización da inscrición ou matrícula oficial, do/a neno/a para cada curso, xurdindo en este momento concreto a obriga de contribuír.

Artigo 8. Revisión de prezos

Ao longo do curso poderase revisar o prezo fixado inicialmente, nos seguintes casos:

- a) Modificación das circunstancias que determinan os descontos recollidos na normativa vixente en materia de prezos públicos.
- b) Diminución ou incremento dos ingresos en máis do 20 % en cómputo anual respecto aos declarados na solicitude de praza ou, de ser o caso, nunha variación posterior. Estas variacións deberán ter unha duración dun mínimo de seis meses para ser tomadas en consideración e xustificaranse por medio da declaración do IRPF, dun certificado emitido pola AEAT ou por calquera outra documentación que, a xuízo do concello de Boqueixón, xustifique e permita un novo cálculo da renda per cápita da unidade familiar.
- c) A variación no número de membros da unidade familiar.

Neste senso, a persoa beneficiaria queda obrigada a comunicar calquera variación que se produza ao respecto.

A modificación do prezo será resolta pola comisión de baremación, seguimento e control e aplicarase a partir do primeiro día do mes natural seguinte ao da data da correspondente resolución.

Artigo 9. Normas de xestión

9.1. - As solicitudes para acceder ós servizos que se prestan na EIM formalizaranse por escrito a través de instancias dirixidas ó Sr./a alcalde/sa-presidente/a da corporación municipal, xuntando a documentación sinalada no regulamento de réxime interno da Escola Infantil Municipal Raíña Lupa de Boqueixón. Así mesmo o procedemento de admisión e os dereitos e obrigas dos/as usuarios/as serán os establecidos no citado regulamento.

9.2. - O pagamento dos prezos, realizarase mensualmente nos dez primeiros días naturais do mes ao que correspondan. Nos casos en que o ingreso no centro se produza con posterioridade ao día primeiro do mes, o prezo correspondente a dito mes ingresarase nos dez días naturais seguintes á data de ingreso.

9.3. - No caso de utilizar os servizos básicos (xantar e atención educativa e asistencial) por días soltos, realizarase o pagamento deste servizo xunto coa cota do mes seguinte.

9.4. - A non asistencia do/a neno/a durante un período determinado non supón ningunha redución nin exención do pagamento da cota, agás nos casos establecidos no artigo 5 do Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, mentres non se formalice a baixa correspondente.

9.5. - A falta de pagamento de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternas, sen prexuízo da súa esixencia polo procedemento administrativo de constrinximento, orixinará a perda do dereito á praza.

9.6. - Os suxeitos pasivos aos que fai referencia o artigo 3, non terán a obriga de aboar a cota que corresponda durante os seguintes períodos:

- o mes de vacacións anual do/a neno/o.
- cando por calquera motivo distinto ao período de vacacións anuais o centro permaneza pechado por un período superior a quince días naturais.

Artigo 10. Infraccións e sancións

En materia de infraccións e sancións aterase ao disposto na lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

Artigo 11. Protección de datos

De acordo co establecido pola Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, informámoslle que os seus datos serán incluídos nun ficheiro do que é titular concello de Boqueixón e poderán ser utilizados para prestarlle o servizo solicitado a través desta instancia. Informámoslle ademais que poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición no domicilio de concello de Boqueixón en correo@boqueixon.es / concello@boqueixon.com.

Disposición adicional

Para o non previsto nesta ordenanza fiscal estarase ao disposto no texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, lei xeral tributaria e disposicións concordantes.

Disposición derogatoria

Quedarán derogados aqueles artigos da ordenanza fiscal actualmente en vigor que se opoñan ó disposto na nova redacción da ordenanza fiscal da EIM Raíña Lupa de Boqueixón.

Disposición final

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor unha vez aprobada definitivamente e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP), permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

2. – Publicar esta modificación no Boletín Oficial da Provincia (BOP) , no taboleiro de edictos do concello e na páxina web do concello, durante 30 días, considerándose o acordo definitivamente adoptado no caso de non presentarse alegacións ou reclamacións.

9.Solicitud de subvención “programa de socorrismo” dirixido a concellos da provincia da Coruña, ano 2017

No BOP nº87 do mércores 10 de maio 2017 saíu publicada a convocatoria do programa de socorrismo para concellos da provincia da Coruña, para o exercicio 2017. Coa referencia FOO23B.

Este concello, debido a que ten piscina municipal,ten a obriga de prestar o servizo de salvamento acuático para cumprir a lexislación vixente.

A contratación deste servizo sería dende o 24 de xuño ó 31 de agosto ,tempada de apertura da piscina municipal, e o custo total da contratación sería de 4.000 € sendo polo mesmo importe a subvención solicitada.

Á vista das bases de ditas convocatorias, a Xunta de Goberno acorda:

1. Solicitar a participación na convocatoria do programa de socorrismo dirixido a concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2017 por un importe de 4.000 €, sendo a subvención solicitada polo mesmo importe.
2. Dispoñer dos fondos necesarios para execución da contratación do persoal.
3. Declarar estar o corrente das obrigas tributarias e a seguridade social, e as obrigas coa Deputación Provincial da Coruña.
4. Autorizar á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está o corrente das obrigas tributarias.
- 5.Acreditar ter elaboradas, rendidas e aprobadas as liquidacións ou contas do exercicio vencido correspondente ao 2015..
- 6 Aprobar a memoria explicativa das actividades e funcións que realizará o persoal contratado que se vai a realizar , nas cales se indican tanto o número de persoas beneficiarias pola axuda como o calendario.
7. Designar o seguinte correo electrónico: deporte@boqueixon.com para os requirimentos, comunicacións de trámite e completar a documentación
8. Comprometerse a facer constar, en todo tipo de información que se realice no desenvolvemento da actividade subvencionada, a colaboración da Deputación Provincial da Coruña.

9. Nomear a don Manuel Fernández Munín como representante para as relacións con esta entidade local coa Deputación Provincial da Coruña.

10. Aceptar e coñecer as bases da convocatoria e os compromisos que nesta convocatoria se indican.

10.Aprobación de facturas

Preséntase a seguinte relación de facturas para a súa aprobación, que serán aboadas con cargo ó exercicio orzamentario do ano 2017 por un total de 58.672,37 euros.

En canto á factura número 12 da relación “Oviga, SL – Reparación muro e canle no camiño de Presedo á igrexa de Sergude, importe de 4.235 €”, consta no expediente o informe desfavorable de intervención con efectos NON SUSPENSIVOS, posto que a esta data hai consignación presupostaria.

Os motivos do informe son:

- Non consta a proposta de gasto polo que non se cumpren as bases de execución do presuposto, BASE 21. B
- Á data de emisión da factura (28-04-2017) e anterior ao informe técnico de Estudio Técnico Gallego (maio 2017).

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda aprobar as seguintes relacións de facturas:

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
1	Gasóleos S. Benito,SL – Gasóleo e gasolinas para servizo de obras municipais	153.2.221.03	398,98
2	Liquidación de gastos de Ricardo Romero Pérez – kilometraje escolas deportivas do 1 de marzo ata o 15 de maio	920.23100	400,52
3	Neumáticos Abraldes – Reparacións de pneumáticos e outros en vehículos municipais	135.21300	438,75
4	Talleres A Silveira – Reparación vehículo Fiat Scudo 5530 GZZ	135.21300	527,72
5	Imprenta Ayude – 200 Folletos para programa Goza do Ulla	924.22699	94,14
6	Darlim, SL – Material de limpeza para colexios e escolas unitarias	320.221.99	750,82
7	Carlos Regueiro Cutrín – Trampas para avespas	414.22199	625,50
8	María del Carmen Vázquez Fernández – Produtos alimentación escola infantil mes de abril	231.22105	244,97
9	Talleres Sánchez Rey,SC – Reparación da pa retroescavadora	153.2.21300	821,08
10	Atendo Calidade, SL – Custo SAF libre concorrencia mes de abril	231.22799	1.957,30
11	Atendo Calidade, SL – Custo SAF dependencia mes de abril	231.22799	28.192,53
12	Oviga, SL – Reparación muro e canle no camiño de Presedo á igrexa de Sergude	1532.21200	4.235,00
13	Droga Conde, SA – Hipoclorito sódico para servizo de abastecemento	161.22199	314,60
14	Sistemas de seguridade A1, SL – Revisión e reparación sistema de alarma no local social de Lestedo	920.21200	155,94
15	Cogami, SL – Recollida residuos papel e cartón mes de abril	162.1.21200	395,21
16	Electro Lestedo, SL – Medallas gravadas para torneo de judo	341.22609	263,54
17	Electro Lestedo,SL – Material para a escola infantil municipal (esterilizador biberón + filtros campá extractora)	231.22199	40,45
18	Electro Lestedo, SL – Materiais para arranxo megafonía	920.21300	18,40
19	Electro Lestedo,SL – Placas gravadas para Encontro Maiores 2017	924.22699	16,00
20	Electro Lestedo, SL – Reparación antena ximnasio municipal	342.21200	134,16

21	Muebles Ferreiro,SL – Aglomerados para montaxe de escenario do evento Velada en Ponte Ledesma	920.22105	453,75
		Importe	40.479,36

A continuación transcribense as facturas domiciliadas e aboadas con cargo ó ano 2017

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
22	Vodafone – Servizo mensared do 15/04/17 ó 14/05/17	920.22200	14,54
23	Telefónica de España, SAU – Facturación teléfonos fixos do mes de abril	920.22200	545,49
		Importe	560,03

A continuación reflíctense as facturas emitidas por Gas Natural S.U.R SDG, SA pertencentes a diferentes puntos de alumeado público e que suman un total de 4.214,19 euros. Impútanse á partida 165.22100 do orzamento do ano 2017.

<i>Nº de Factura</i>	<i>CUPS</i>	<i>Importe</i>	<i>Lugar suministro</i>	<i>Data emisión</i>	<i>Data facturación</i>
17137006587122	ES0022000007373065RB1P	77,16	Lg. Vilaboa, 9998 – A.Público	07/05/2017	28/02/17 a 29/03/17
17137006535212	ES0022000007251856KN1P	228,57	Lg. Igrexa (A), 8891 A.Público	07/05/2017	28/02/17 a 29/03/17
17137006574914	ES0022000007320549HG1P	147,11	Lg. Deseiro de Arriba, 9002 A.Púb.	07/05/2017	28/02/17 a 29/03/17
17137006572297	ES0022000007021268TE1P	272,09	Lg. Gándara, 9700 A.Público	07/05/2017	28/02/17 a 29/03/17
17137006644545	ES0022000007455157MQ1P	172,75	Lg. Pazos, 9101 AP A.Público1	07/05/2017	28/02/17 a 27/03/17
17137006597317	ES0022000007561243HA1P	95,42	Lg. Espiñeira, 9909 A.Púb.	07/05/2017	28/02/17 a 29/03/17
17137006520971	ES0022000007662958RN1P	40,28	Lg. Carabán, 9915 – A.Púb.	07/05/2017	28/02/17 a 29/03/17
17137006531970	ES0022000007021267TK1P	125,90	Lg. Rubial, 9697 – A.Público	07/05/2017	28/02/17 a 29/03/17
17137006597440	ES0022000007566337DZ1P	101,48	Lg. Casal, 9109 – A.Público	07/05/2017	28/02/17 a 29/03/17
17137008209842	ES0022000007021144HJ1P	112,65	Lg. Rodiño Pequeño, 9709 A.Púb.	07/05/2017	22/03/17 a 20/04/17
17137008379955	ES0022000007249757EY1P	81,31	Lg. Agra, 9922 A. Público	07/05/2017	23/03/17 a 23/04/17
17137006949584	ES0022000004975491HA1P	109,08	Lg. Rodiño Grande, 9706 A.Púb.	07/05/2017	01/03/17 a 31/03/17
17137006492913	ES0022000007249666HF1P	80,66	Lg. Pena, 9915 – A.Público	07/05/2017	28/02/17 a 29/03/17
17137006540700	ES0022000007021143HN1P	159,67	Lg. O Burgo, 9710 Lamas A.Público	07/05/2017	28/02/17 a 29/03/17
17137006535769	ES0022000007320555HX1P	20,38	Lg. Vilar, 9003 A.Público	07/05/2017	28/02/17 a 29/03/17
17137006545742	ES0022000007320582LZ1P	74,46	Lg. Torre, 9000 A.Público	07/05/2017	28/02/17 a 29/03/17
17137006531093	ES0022000007107334QE1P	52,22	Lg. Rubio, 9796 A. Público	07/05/2017	28/02/17 a 29/03/17
17137006531092	ES0022000007662959RJ1P	45,63	Lg. Igrexa (A), 8892 A.Público	07/05/2017	28/02/17 a 29/03/17
17137006571439	ES0022000007249769EH1P	74,22	Lg. Vilar, 9924 A.Público	07/05/2017	28/02/17 a 29/03/17
17137006561848	ES0022000007320543VK1P	81,53	Lg. Vigo, 9000 A.Público	07/05/2017	28/02/17 a 29/03/17
17137006485864	ES0022000007455163ME1P	125,80	Lg. Pazos, 9102 AP A.Público2	07/05/2017	28/02/17 a 27/03/17
17137006491136	ES0022000004975490HW1P	1,86	Lg. Vilar, 9704SF SEMA03	07/05/2017	28/02/17 a 29/03/17
17137006493923	ES0022000007021150HL1P	141,10	Lg. Ramil, 9704 – A.Público	07/05/2017	28/02/17 a 29/03/17

17137006558950	ES0022000007249659HT1P	36,26	Lg. Carabán, 9914 – A.Púb.	07/05/2017	28/02/17 a 29/03/17
17137006530842	ES0022000007661745VH1P	29,58	Lg. Gándara, 9701 A.Púb.	07/05/2017	28/02/17 a 29/03/17
17137006480905	ES0022000008964525BD1P	17,36	Lg. Aldea de Orto, 9700- Boqueixón	07/05/2017	28/02/17 a 29/03/17
17137006523602	ES0022000008895802JX1P	34,76	Bombeo de Noenlle 9010	07/05/2017	28/02/17 a 29/03/17
17137006540803	ES0022000007661637JW1P	60,55	Lg. Forte, 9032 A.Público	07/05/2017	28/02/17 a 29/03/17
17137008203076	ES0022000007253151PL1P	99,52	Lg. Deseiro de Arriba, 9000 A.Púb.	07/05/2017	22/03/17 a 20/04/17
17137008315768	ES0022000004357716EP1P	229,59	Lg. Vilar, 0001	07/05/2017	23/03/17 a 23/04/17
17137008370285	ES0022000007249771EC1P	167,78	Lg. Picota, 9925 A.Público	07/05/2017	23/03/17 a 23/04/17
17137008329458	ES0022000007249751ET1P	3,22	Lg. Gastrar, 9921 A.Público	07/05/2017	23/03/17 a 23/04/17
17137006499229	ES0022000008876495WT1P	56,74	Lg. Vilar, 0005 A.Público	07/05/2017	28/02/17 a 29/03/17
17137006688887	ES0022000008622400VD1P	180,34	Lg. Rodiño Pequeño, 9700 A.Púb.	07/05/2017	28/02/17 a 29/03/17
17137008341076	ES0022000008942577TA1P	133,15	Lg. Vilar, 0001 A.P Poste	07/05/2017	23/03/17 a 23/04/17
17137008366455	ES0022000004357736TM1P	11,59	Lg. Vilar, 0154ER	07/05/2017	23/03/17 a 23/04/17
17137006678137	ES0022000004975486VK1P	194,24	Lg. Vilar, 9700 A.Público	07/05/2017	01/03/17 a 31/03/17
17137006540791	ES0022000007320546HR1P	130,99	Lg. Lamas, 9001 A.Público	07/05/2017	28/02/17 a 28/03/17
17137006550459	ES0022000007253334QH1P	24,30	Lg. Igrexa (A), Forte 9000 A.Púb.	07/05/2017	28/02/17 a 29/03/17
17137006930474	ES0022000007320580LN1P	189,21	Lg. Santabaia, 9000 A.Público	07/05/2017	01/03/17 a 31/03/17
17137006520619	ES0022000008622407VQ1P	85,05	Lg. Lestedo, 9001 A.Público	07/05/2017	28/02/17 a 29/03/17
17137008358390	ES0022000007776341DM1P	76,54	Lg. Moa, 9002 A.Público	08/05/2017	23/03/17 a 23/04/17
17137006923029	ES0022000007561259HL1P	11,42	Lg. Picota, 0925 A.Público	08/05/2017	24/02/17 a 03/04/17
17137006921558	ES0022000008964524BP1P	20,67	Lg. Moa, 9001 - LOCAL	08/05/2017	01/03/17 a 31/03/17
	TOTAL	4.214,19			

A continuación reflíctense as facturas emitidas por Gas Natural Servicios SDG, SA pertencentes a diferentes puntos de alumeado público e que suman un total de 3.625,52 euros. Impútanse á partida 165.22100 do orzamento do ano 2017.

<i>Nº de Factura</i>	<i>CUPS</i>	<i>Importe</i>	<i>Lugar Suministro</i>	<i>Dat. Emisión</i>	<i>Data Facturación</i>
FE17321229861537	ES0022000008842233FP1P	793,05	Campo de Fútbol, - Forte 9050	05/04/2017	28/02/17 a 29/03/17
FE17321229861534	ES0022000007831162TV1P	441,77	Instituto do Forte, 9022 - Forte.	05/04/2017	28/02/17 a 29/03/17
FE17321229861536	ES0022000007164583ER1P	1.143,45	Colexio do Forte, 9031. Forte	05/04/2017	28/02/17 a 29/03/17
FE17321230172752	ES0022000007586591QM1P	323,36	Alum. Púb. Igrexa, 9707 - Sergude.	10/04/2017	01/03/17 a 31/03/17
FE17321231017932	ES0022000007575350XB1P	198,00	Cent. de Saúde, 9164 Vilar - Lestedo	19/04/2017	23/01/17 a 22/03/17
FE17321231017930	ES0022000004357733TW1P	725,89	Camp.da Festa, 0164 Vilar - Lestedo	19/04/2017	23/01/17 a 22/03/17
	Total	3.625,52			

A continuación reflíctense as facturas emitidas por CHC Energía Udesa pertencentes a diferentes puntos de alumeado público e que suman un total de 898,98 euros. Impútanse á partida 165.22100 do orzamento do ano 2017.

Nº factura	Cups	Importe	Dirección do Suministro	Data emisión	Data facturación
1CSN170500238842	ES0111000009304046LB0F	105,17	Alum. Púb. Granxola-Codeso	18/05/17	28/02/17 a 01/05/17
1CSN170500238846	ES0111000009304058CT0F	307,68	Lugar Loureiro - Pousada	18/05/17	28/02/17 a 01/05/17
1CSN170500238855	ES0111000009305006SM0F	132,39	Lugar Donas	18/05/17	28/02/17 a 27/04/17
1CSN170500238882	ES0111000009313013HP0F	296,18	Lugar Camporrapado	18/05/17	28/02/17 a 28/04/17
1CSN170500238917	ES0111000009313064CJ0F	57,56	Lugar Devesa	18/05/17	28/02/17 a 28/04/17
TOTAL		898,98 €			

Aprobación de facturas con cargo a subvencions

Plan PAS 2015

Proxecto: Melloras no campo de fútbol do Forte e outro

Importe: 36.058,06 euros

Deputación da Coruña

Partida presupostaria: 933.619.01

Núm.	Proveedor	Importe
1	Mª Esther Rilo Rey – Cemento e bloques para a obra do campo de fútbol de Camporrapado	538,60
2	Almacenes Redondo – Pintura para o local social de Loureda (impútanse 575,56 euros do total da factura)	733,84
3	Hnos.Couto Fandiño – Colocación de bloques no campo de fútbol – man de obra	1.270,50
Total		2.542,94

Plan PAS 2015

Proxecto: Melloras en instalacións educativas en Camporrapado e outras

Importe: 108.062,85 euros

Deputación da Coruña

Partida presupostaria: 933.619.00

Núm.	Proveedor	Importe
1	Hnos.Couto Fandiño – Traballos de pa para a obra do campo de fútbol de Camporrapado	1.488,30

Xunta de Galicia

Novidades editoriais en galego en formato físico

Importe: 878,92 euros

Partida presupostaria: 332.1.226.99

Núm.	Proveedor	Importe
1	Baía Edicións A Coruña, SL – Exemplares de varios libros	40,80
2	Técnicas e Gramaxe, SL – Exemplar de Nº Atómico 74	13,00
3	Happy Family SL – Exemplares de varios libros	43,60
4	Edicións Embora, SL – Exemplares de varios libros	30,00
5	Alvarellos Editora, SL – Exemplares 3 libros Pico Sacro + 1 psiquitra	73,00
6	Edicións Xerais de Galicia, SA – Exemplares de varios libros	143,35
7	Toxosoutos,SL – Exemplar do libro: Galicia, o galego e os galegos	10,00

8	Hércules de Ediciones – Exemplares de varios libros	81,80
9	Irmás Cartoné,SL – Exemplares de varios libros	27,00
10	Ediciones Bolanda, SL – Exemplares de varios libros	35,00
11	Sacauntos S. Coop. Galega – Exemplares de varios libros	43,00
12	Carlos González Mejjide – Exemplar libro CANS	12,00
13	Edicións Positivas, SL – Exemplar libro Martes de Carnaval	9,50
	Total	562,05

Subvención solicitada para promoción entroido dos Xenerais do Ulla
 Deputación da Coruña
 Festa da Filloa de Lestedo – facturas que poden ser obxecto de imputación á subvención

Núm.	Proveedor	Importe
1	Radio Popular – Campaña festa da filloa + campaña xenerais do Ulla (impútanse á festa da filloa 2.420,00 euros e á campaña de xenerais do ulla 363,00 euros)	2.783,00

Convenio Ramsa
 X.de G. 20/02/2014
 Importe: 3.000 euros para Departamento de Cultura

Núm.	Proveedor	Importe
1	Artes Gráficas Alonso – 150 libros Xosé Neira Vilas de 48 páxinas + portada plastificada en brillo	459,80

Plan POS 2016
 Proxecto: Camiño do cruceiro de Pousada a campo da festa e outros
 Importe: 36.058,06 euros
 Deputación da Coruña
 Partida presupostaria: 153.2.600.00

Núm.	Proveedor	Importe
1	Talleres Sánchez Rey,SC – Arranxo desbrozadora Rousseau	471,66
2	Talleres Sánchez Rey, SC – Arranxo desbrozadora orsi e tractor	586,54
	Total	1.058,20

Corrección de Resolución da alcaldía

O día 10 de maio, a alcaldía ditou unha resolución coa finalidade de autorizar a retirada de 104,95 euros da conta bancaria, para que os vehículos don matrícula 8745 GZZ e 3900 FZS pasasen a correspondente ITV.

Cando se reciben as facturas, compróbase que a suma de ambas é de 106,06 euros polo que hai que aprobar un gasto a maiores de 1,11 euros, cantidade que hai que entregarlle ó traballador que realizou o pagamento.

Polo tanto e coa finalidade de realizar correctamente o pagamento, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar o gasto de 106,06 euros correspondente á ITV dos vehículos mencionados neste acordo.

Reintegrar a cantidade de 1,11 euros para aboarlle a cantidade ó traballador que realizou o pagamento

Comunicar esta modificación á Tesourería para que se realice correctamente a anotación contable.

11. Punto urxente

No art. 161 da TRLSCP di que a adxudicación dos contratos nos que o único criterio para seleccionar sexa o prezo, será realizada nun prazo máximo de 15 días a contar desde o seguinte ó da apertura de plicas, e este prazo ampliarase en quince días hábiles cando sexa necesario realizar trámites de petición de xustificación de ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

Debido a que a vindeira Xunta de Goberno non se realiza ata o día 22 de xuño, e a que non se poden cumprir os prazos estipulados na lei, a Xunta de Goberno acorda aprobar a urxencia deste punto.

Clasificación das ofertas presentadas para a contratación da obra denominada “Adecuación e mellora da zona verde do campo da Festa de Lestedo” – PMA

Con data 16 de marzo, iniciouse a contratación da obra incluída no PMA 2016, denominada “Adecuación e mellora da zona verde do campo da Festa de Lestedo” por importe de 51.144,47 euros.

O día 24 de marzo sae publicado o anuncio de licitación no BOP. Tamén se publicou na prensa con data 25 de marzo.

No prazo establecido para o efecto, presentan propostas as seguintes empresas:

1. SYR- AMG, SLU
2. TERRAUGA – Proyectos y Obras, SL
3. Marconsa, SL
4. Oviga, SL
5. Canarga, SL
6. Coviastec, SL
7. Jardinería Arce, SL
8. Construcciones Manuel Barcia García
9. Murat Construcción y Mantenimiento, SLU
10. Acevi, SL
11. Jardincelas, SL
12. Jara Jardinería Calvarro, SL
13. Canalis Soluciones Tecnológicas, SL
14. Gestal y López, SL
15. CETA Contratas, SL
16. Excavaciones Midón, SL
17. Lignum Urbe, SL

18. Mecano Obras y Reformas, SL
19. Construcciones Mercedes Buján
20. Obras y Viales CERNE, SL
21. Obras y Servicios INDIGO, SL
22. Construcciones Ponciano Nieto, SL
23. J. Mauri e Hijos, SL
24. Sondeos Porzuna, SL
25. Excomel, SL
26. Excavaciones y Obras Marcos, SL
27. Eulogio Viñal, SA
28. Sergonsa Servicios SL
29. José Luís Millán Millán
30. Alvac, SA
31. Construcciones D. Ogando, SL
32. Aquable Sistemas Constructivos, SL
33. GR Construcciones, Obras y Servicios
34. Excavaciones y Obras Candal, SL
35. Excavaciones y Transportes BC, SL
36. Hnos. Couto Fandiño, SL
37. Excavaciones José Varela Iglesias, SL
38. Arines Obras y Proyectos, SL
39. Construcciones Oñial, SL
40. SAGADE 2009, SL
41. Covisam Norte, SL
42. Desmaco, SL

A mesa de contratación, reúnese o día 27 de abril coa finalidade de abrir as propostas presentadas polas empresas e, segundo se reflicte na acta realizada, detéctase que hai empresas que presentaron ofertas con valores anormais ou desproporcionados. Polo tanto, ante a imposibilidade de propoñer adxudicatario, solicitan os informes oportunos e volven a reunirse o día 31 de maio para facer a correspondente proposta ó órgano de adxudicación.

Á vista da acta presentada pola mesa de contratación, a Xunta de Goberno acorda:

1. Excluir a proposta presentada pola empresa Lignum Urbe,SL ó non presentar, segundo o informe realizado polo técnico e segundo consta na acta da mesa de contratación, a documentación suficiente para xustificar a oferta presentada e polo tanto, apreciar a posible desproporcionalidade ou anormalidade da oferta presentada.
2. Excluir á empresa Acevi,SL do procedemento de adxudicación, ó non presentar a documentación solicitada para xustificar a desproporcionalidade ou anormalidade da oferta presentada
3. Clasificar as propostas presentadas en orde decrecente de valoración, obtendo os seguintes resultados:

16.	Excavaciones Midón, SL	29.919,51
-----	------------------------	-----------

26.	Excavaciones y Obras Marcos, SL	32.456,28
18.	Mecano Obras y Reformas, SL	33.243,90
1.	SYR- AMG, SLU	33.596,70
37.	Excavaciones José Varela Iglesias, SL	33.874,86
20.	Obras y Viales CERNE, SL	34.049,40
33.	GR Construcciones, Obras y Servicios	34.097,90
34.	Excavaciones y Obras Candal, SL	34.778,79
25.	Excomel, SL	35.166,94
19.	Construcciones Mercedes Buján	35.513,50
13.	Canalis Soluciones Tecnológicas, SL	35.688,61
40.	SAGADE 2009, SL	35.714,19
38.	Arines Obras y Proyectos, SL	35.857,39
35.	Excavaciones y Transportes BC, SL	36.287,90
12.	Jara Jardinería Calvarro, SL	36.363,72
42.	Desmaco, SL	36.552,95
28.	Sergonsa Servicios SL	36.992,12
36.	Hnos. Couto Fandiño, SL	37.328,50
9.	Murat Construcción y Mantenimiento, SLU	37.846,86
41.	Covisam Norte, SL	38.102,90
14.	Gestal y López, SL	38.358,36
6.	Covias tec, SL	38.672,99
11.	Jardincelas, SL	39.762,24
4.	Oviga, SL	41.240,01
30.	Alvac, SA	41.309,39
3.	Marconsa, SL	41.350,30
5.	Canarga, SL	41.374,99
2.	TERRAUGA – Proyectos y Obras, SL	41.851,52
8.	Construcciones Manuel Barcia García	41.937,39
22.	Construcciones Ponciano Nieto, SL	42.045,87
23.	J. Mauri e Hijos, SL	42.547,08
31.	Construcciones D. Ogando, SL	42.643,87
7.	Jardinería Arce, SL	42.705,64
24.	Sondeos Porzuna, SL	42.899,98
29.	José Luís Millán Millán	43.217,09
15.	CETA Contratas, SL	43.488,15
27.	Eulogio Viñal, SA	44.214,39
32.	Aquable Sistemas Constructivos, SL	44.435,63
21.	Obras y Servicios INDIGO, SL	44.751,41
39.	Construcciones Oñial, SL	44.770,00

4. Solicitar á empresa Excavaciones Midón, SL que no prazo máximo de 10 días hábiles, presente a documentación que se sinala na cláusula 16.1 do prego de cláusulas administrativas.

12. Rogos e Preguntas

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace
O alcalde